

ANTOLOXÍA: POESÍA

leite, coñac e clara de ovo
son as tres rúbricas
os tres símbolos
moito máis do que unha apócema
son a palabra exacta
das pálpebras baixo a camisa
dos lagartos nos petos que traban
do xarope de picaña
do andar á xaneira
e non erguer fuciño do chan
son as tres certezas do lóstrego calado
moito máis do que unha discordia
son o caldo na pucha
o zapato enroscado en zoco
o sartego ben posto
a virar e virar

nun mesmo cuarto
enorme
seis camas
de colchón endureito en pedra
e membros de ferruxe
cadeiras engorripadas
por tódolos recunchos
algo triste
nas fotos ourizadas en pátina
no aparador
no chan enxovallado en madeira nobre

e o cheiro a mazá
ou a pataca nova

á beira da estrada
cando había que ir mexar
case nunca pasaba un auto

esquírola en carrizo
a estampar
na fiestra embazada

buraco que asubía intemperie
no bater das contras
de madeira en verde
-sempre en verde-
nostalxia
a agarimar de son as melodías

os outros buscaban
no mazo
baixo as fendas do sofá
auscultaban o chan
non concibían
que por dúas chirilas
algún de nós
non o devolvese

ilocalizado
o as de picas

esfacelóuseme entre as mans
polo cano do váter

a vergoña foi tan intensa
que a longura do vómito devaloume alí mesmo

Filomena
Herminia
Remixio

nenos a recendo de esterco
que minguían a única vaca da aldea
e xogaban á billarda mentres non xeaba

a se enzoufar en unto de cocho
o seu alento
era pinga de viño dende os catro anos

GERNIKA

Fanal de latrinas de imprenta descompoñéndose

Un mísil na goela do ollo
Un pezuño a chuchar o ámbar no pescozo
Mans quietas que parecen salaios
A transparencia en lanzadas de orgasmo

a esvaecer

Tito Pérez Pérez

...

Unha flor? Ula flor?

Ula flor por entre o desamparo de ganidos

a fincar cabeiros na esgrevura metálica?

...

No ámbito decapitado

todo fende

agás a espada

Treme a entraña das inercias

nunha simetría tan escarnecida

que fulminou a súa orixe

O asubío

é un espasmo de mil trinos

a se estreitar na vitrina do alento

INIMIGO ÁS PORTAS

O que leve Fusil

que dispare

que maldiga a sacra cea

subxugando en farpas abertas a Goliat

Que irrompa nun val de nupcias desanxeladas

e derrube unha ducia de veces doce

as simonías do inimigo

O que non o leve

que agarde
a que o que leve Fusil caia
i entón

que llo arrebate das poutas aínda en fisga
e que dispare

que arrinque a néboa en sete estralos
e non deixe á toa
nin a eclosión inerte da esperanza
a esgarecer na síntese e na angustia